

PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA LOMLOE

Centro educativo

Código	Centro	Concello	Ano académico
27013703	CEIP de Quiroga	Quiroga	2023/2024

Área/materia/ámbito

Ensinanza	Nome da área/materia/ámbito	Curso	Sesións semanais	Sesións anuais
Educación primaria	Lingua Estranxeira - Inglés	1º Pri.	2	70

Réxime

Réxime xeral-ordinario

Contido	Páxina
1. Introducción	3
2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias	3
3.1. Relación de unidades didácticas	4
3.2. Distribución currículo nas unidades didácticas	6
4.1. Concrecións metodolóxicas	14
4.2. Materiais e recursos didácticos	15
5.1. Procedemento para a avaliación inicial	16
5.2. Criterios de cualificación e recuperación	16
6. Medidas de atención á diversidade	18
7.1. Concreción dos elementos transversais	19
7.2. Actividades complementarias	19
8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro	20
8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora	21
9. Outros apartados	21

1. Introducción

Para realizar esta programación tense en conta o Decreto 155/2022, do 15 de setembro, polo que se establecen a ordeación e o currículo de educación primaria na Comunidade Autónoma de Galicia.

O centro ao que vai dirixida é un CEIP de titularidade pública enmarcado nunha zona rural do sueste da provincia de Lugo. O Concello conta con numerosos servizos públicos como a Casa do Concello, o Centro de Saúde, a Policía Local, a Casa da Cultura, o Auditorio Municipal, Escola infantil, IES ..., así como diferentes lugares para o lecer como o paseo fluvial, parques, campo de fútbol e pistas multideporte. Socioculturalmente, a zona pódese caracterizar en termos xerais como pertencente a un estrato medio a medio-baixo cunha porcentaxe de alumnado vulnerable dun 20% aproximadamente.

O colexio, que ten horario de xornada única, (agás os luns con xornada partida), dispón de comedor e servizo de transporte escolar. Ademais das aulas das titorías e especialidades, hai un ximnasio e unha biblioteca escolar que está incluída en PLAMBE, sendo espazo multiusos para obradoiros e actividades culturais. Tamén se participa noutros programas como E-DIXGAL, INCLÚE, Plan Proxecta e PROA +. Así mesmo, ofértase unha sección bilingüe na materia de educación artística (plástica) nos cursos de primeiro, segundo, terceiro e cuarto de educación primaria.

O total de profesorado é de 19 mestres e mestras e 148 alumnos e alumnas, os cales se dividen en 3 unidades de educación infantil e 7 de educación primaria. O centro oferta as materias pertinentes do currículo de Educación Infantil e Educación Primaria. A lingua estranxeira ofertada é o inglés, área sobre a que versa este documento, e que será a lingua vehicular empregada prioritariamente durante as sesións da materia.

No primeiro curso de educación primaria, hai 15 alumnos e alumnas.

Esta programación vai encamiñada a contribuir ó desenvolvemento integral do alumnado, potenciando as súas capacidades morais, intelectuais e afectivas. Asemade, proporcionar ferramentas que lles permitan construír as súas propias aprendizaxes e iniciarse na resolución de problemas e integración de novos coñecementos con ideas previas ou outros xa adquiridos. No ámbito lingüístico e cultural, preténdese potenciar a utilización da lingua estranxeira como medio habitual de comunicación na aula, creando situacións de comunicación acordes ao entorno e próximas aos intereses do alumnado. Traballarase tamén a integración de diferentes culturas, fomentando o respecto, interese e coñecemento, así como a importancia da linguaxe como método de comunicación global. Todo este proceso educativo terá en conta as medidas pertinentes de atención á diversidade, seguindo a Orde do 8 de setembro de 2021, pola que se desenvolve o Decreto 229/2011, do 7 de decembro, polo que se regula a atención á diversidade do alumnado dos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia nos que se imparten as ensinanzas establecidas na Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación.

A avaliación deste documento desenvolverase sobre as bases establecidas na Orde de 26 de maio de 2023 pola que se desenvolve o Decreto 155/2022, do 15 de setembro, polo que se establecen a ordeación e o currículo da educación primaria na Comunidade Autónoma de Galicia e regula a avaliación nesta etapa educativa, e así mesmo, a Orde do 25 de xaneiro de 2022, pola que se actualiza a normativa de avaliación nas ensinanzas de educación primaria, de educación secundaria obrigatoria e de bacharelato no sistema educativo de Galicia.

2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias

Obxectivos	CCL	CP	STEM	CD	CPSAA	CC	CE	CCEC
OBX1 - Comprender o sentido xeral e información específica e predicible de textos breves e sinxelos, expresados de forma clara e na lingua estándar, facendo uso de diversas estratexias e recorrendo, cando sexa necesario, ao uso de distintos tipos de apoio, para desenvolver o repertorio lingüístico e para responder a necesidades comunicativas cotiás.	2-3	1-2	1	1	5			2

Obxectivos	CCL	CP	STEM	CD	CPSAA	CC	CE	CCEC
OBX2 - Producir textos sinxelos de maneira comprensible e estruturada, mediante o emprego de estratexias como a planificación ou a compensación, para expresar mensaxes breves relacionados con necesidades inmediatas e responder a propósitos comunicativos cotiás.	1	1-2	1	2	5		1	4
OBX3 - Interactuar con outras persoas usando expresións cotiás, recorrendo a estratexias de cooperación e empregando recursos analóxicos e dixitais, para responder a necesidades inmediatas do seu interese en intercambios comunicativos respectuosos coas normas de cortesía.	5	1-2	1		3	3	1-3	
OBX4 - Mediar en situacións predicibles, usando estratexias e coñecementos para procesar e transmitir información básica e sinxela, co fin de facilitar a comunicación.	5	1-2-3	1		1-3			1
OBX5 - Recoñecer e usar os repertorios lingüísticos persoais entre distintas linguas, reflexionando sobre o seu funcionamento e identificando as estratexias e coñecementos propios, para mellorar a resposta a necesidades comunicativas concretas en situacións coñecidas.		2	1	2	1-4-5		3	
OBX6 - Apreciar e respectar a diversidade lingüística, cultural e artística a partir da lingua estranxeira, identificando e valorando as diferenzas e semellanzas entre linguas e culturas, para aprender a xestionar situacións interculturais.	5	3			1-3	2-3		1

Descrición:

3.1. Relación de unidades didácticas

UD	Título	Descrición	% Peso materia	Nº sesións	1º trim.	2º trim.	3º trim.
1	Hello!	Unidade de repaso e toma de contacto. Vocabulario relativo ás cores, os números do 1 ao 10 e preguntas e respostas de uso común nas presentacións: "- What's your name? - Hello, I'm...", "-How old are you? - I'm...", "- What's your favourite colour? - My favourite colour is...", etc. Role-play, memory e xogos interactivos.	10	6	X	X	X

UD	Título	Descrición	% Peso materia	Nº sesións	1º trim.	2º trim.	3º trim.
2	School	Vocabulario relativo a materiais e mobiliario escolar, accións elementais ("Stand up", "Sit down"...), e preguntas e respostas relativas á cantidade ("How many...?"). Accións relacionadas con elas. Seguir instrucións e ordes sinxelas. Xogos manipulativos de imitación e conteo.	10	7	X		
3	Project: Happy Halloween!	Vocabulario e expresións relacionadas co outono e a celebración de Halloween. Cancións relacionadas co tema do proxecto. Storytelling, dramatización e actividades.	4	2	X		
4	Toys	Vocabulario sinxelo relacionado cos xoguetes e o Nadal, preguntas e respostas de uso común na aula (- "What's this?" - It's a..."), e expresións de uso habitual ("Thank you", etc.). Cancións relacionadas co tema. escoitar, cantar e dramatizar. Role-plays e imitación de diálogos sinxelos.	10	7	X		
5	Family	Vocabulario correspondente aos membros da familia e preguntas e respostas sinxelas relativas ás persoas (-Who's this/that? - That's my...). Xogos manipulativos e imitación de diálogos sinxelos. Memory e xogos de asociación.	10	7		X	
6	At home	Vocabulario das partes da vivenda. Preguntas e respostas relativas á localización de obxectos: ("Where is the...? - It's..."). Elaboración dunha maqueta sinxela dunha vivenda coas súas partes. Xogos de busca e localización de obxectos. Diálogos sinxelos a través da imitación.	10	7		X	
7	My body	Vocabulario sobre as partes do corpo e verbo have got (- "Have you got...?" - "I've got..."). Accións relacionadas. Seguir instrucións e ordes sinxelas.(Toca a cabeza, toca os xeonllos). Producir mensaxes orais relacionadas co corpo. escoitar e ver cancións sinxelas de imitación.	10	7		X	
8	Food	Vocabulario relacionado coa comida. Expresar o verbo like e do not like: (- "Do you like...?" - "I like..."). escoitar unha canción relacionadas para expresar os seus gustos. Storytelling e xogos de clasificación por preferencias e gustos.	10	7			X
9	Actions	Verbos relativos a accións. Expresar habilidades usando can and cannot, relacionandoo coas súas afeccións (leer, cantar,bailar,xogar a algun deporte, tocar algun instrumento....): (-"Can you...?" - "I can..."). Storytelling e canción relacionada co tema. Performing actions.	10	7			X

UD	Título	Descrición	% Peso materia	Nº sesións	1º trim.	2º trim.	3º trim.
10	Animals	Vocabulario relacionado cos animais salvaxes. Adxectivos relacionados (grande, pequeno...). Responder sobre as partes do corpo (- "Elephants have got two eyes" - "Yes / No") Online games. Mimo. Bingo. Dominó de animais. Listening, picture dictation. Cancións relacionadas.	10	7			X
11	Unidade transversal	Contidos actitudinais e contidos curriculares que se traballan durante todo o curso e en tódalas unidades.	6	6	X	X	X

3.2. Distribución currículo nas unidades didácticas

UD	Título da UD	Duración
1	Hello!	6

Craterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.2 - Expresar oralmente frases curtas e sinxelas con información básica sobre asuntos cotiáns e de relevancia para o alumnado, utilizando de forma guiada recursos verbais e non verbais, recorrendo a modelos e estruturas previamente presentados e prestando atención ao ritmo, a acentuación e a entoación.	Expresar oralmente frases sinxelas.	TI	100
CA1.3 - Aplicar estratexias básicas para producir mensaxes moi breves e sinxelos adecuados ás intencións comunicativas de forma guiada, usando, con axuda, recursos e apoios físicos ou dixitais en función das necesidades de cada momento.	Aplicar estratexias para producir mensaxes moi breves e sinxelos.		
CA1.4 - Imitar e participar de forma guiada en situacións interactivas elementais sobre temas cotiáns, preparadas previamente, a través de diversos soportes, apoiándose en recursos tales como a repetición, o ritmo pausado ou a linguaxe non verbal, e mostrando empatía cara ás producións das e dos demais.	Imitar e participar en situacións elementais.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Léxico básico elemental relativo a relacións persoais básicas, vivenda, lugares e contornos próximos de interese para o alumnado. - Convencións e estratexias de conversación elementais, para iniciar, manter e rematar a comunicación, tomar e ceder a palabra e preguntar e responder. - Unidades lingüísticas elementais e significados asociados a elas tales como expresión da entidade e as súas propiedades, cantidade e número, afirmación, exclamación, negación, interrogación.

UD	Título da UD	Duración
2	School	7

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA2.2 - Identificar e aplicar de forma moi guiada os coñecementos e estratexias básicas de mellora da súa capacidade de comunicar e de aprender a lingua estranxeira, con apoio doutros participantes e de soportes analóxicos e dixitais.	Aplicar coñecementos de mellora da súa capacidade de comunicar e de aprender.	PE	50
CA1.2 - Expresar oralmente frases curtas e sinxelas con información básica sobre asuntos cotiáns e de relevancia para o alumnado, utilizando de forma guiada recursos verbais e non verbais, recorrendo a modelos e estruturas previamente presentados e prestando atención ao ritmo, a acentuación e a entoación.	Expresar frases sinxelas, recorrendo a modelos previamente presentados.	TI	50

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Léxico básico elemental relativo a relacións persoais básicas, vivenda, lugares e contornos próximos de interese para o alumnado. - Estratexias elementais para identificar e utilizar unidades lingüísticas (léxico, fonemas similares, patróns sonoros) a partir da comparación das linguas que conforman o repertorio lingüístico persoal.

UD	Título da UD	Duración
3	Project: Happy Halloween!	2

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.4 - Imitar e participar de forma guiada en situacións interactivas elementais sobre temas cotiáns, preparadas previamente, a través de diversos soportes, apoiándose en recursos tales como a repetición, o ritmo pausado ou a linguaxe non verbal, e mostrando empatía cara ás producións das e dos demais.	Imitar e participar de forma guiada en situacións interactivas preparadas previamente.	TI	100
CA2.3 - Identificar e explicar de maneira guiada progresos e dificultades elementais no proceso de aprendizaxe da lingua estranxeira.	Identificar progresos e dificultades.		
CA3.1 - Mostrar interese pola comunicación intercultural, identificando e analizando, de forma guiada, as discriminacións, os prexuízos e os estereotipos máis comúns, en situacións cotiás e habituais.	Mostrar interese pola comunicación intercultural.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Iniciación a patróns elementais sonoros, acentuais, rítmicos e de entoación. - Estratexias elementais para a comprensión e a produción de textos orais; textos escritos e multimodais, breves, sinxelos e contextualizados. - Estratexias elementais para identificar e utilizar unidades lingüísticas (léxico, fonemas similares, patróns sonoros) a partir da comparación das linguas que conforman o repertorio lingüístico persoal. - Comunicación e relación con persoas doutros países a través da lingua estranxeira. - Aspectos elementais socioculturais e sociolingüísticos máis representativos relativos aos costumes, á vida cotiá e ás relacións interpersoais básicas en países nos que se fala a lingua estranxeira.

UD	Título da UD	Duración
4	Toys	7

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA2.2 - Identificar e aplicar de forma moi guiada os coñecementos e estratexias básicas de mellora da súa capacidade de comunicar e de aprender a lingua estranxeira, con apoio doutros participantes e de soportes analóxicos e dixitais.	Aplicar coñecementos de mellora da súa capacidade de comunicar e de aprender.	PE	50
CA1.2 - Expresar oralmente frases curtas e sinxelas con información básica sobre asuntos cotiáns e de relevancia para o alumnado, utilizando de forma guiada recursos verbais e non verbais, recorrendo a modelos e estruturas previamente presentados e prestando atención ao ritmo, a acentuación e a entoación.	Expresar oralmente frases sinxelas sobre asuntos cotiáns.	TI	50
CA1.3 - Aplicar estratexias básicas para producir mensaxes moi breves e sinxelos adecuados ás intencións comunicativas de forma guiada, usando, con axuda, recursos e apoios físicos ou dixitais en función das necesidades de cada momento.	Aplicar estratexias para producir mensaxes sinxelos de forma guiada.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Estratexias elementais para a comprensión e a produción de textos orais; textos escritos e multimodais, breves, sinxelos e contextualizados. - Unidades lingüísticas elementais e significados asociados a elas tales como expresión da entidade e as súas propiedades, cantidade e número, afirmación, exclamación, negación, interrogación. - Estratexias elementais para identificar e utilizar unidades lingüísticas (léxico, fonemas similares, patróns sonoros) a partir da comparación das linguas que conforman o repertorio lingüístico persoal.

UD	Título da UD	Duración
5	Family	7

Craterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA2.2 - Identificar e aplicar de forma moi guiada os coñecementos e estratexias básicas de mellora da súa capacidade de comunicar e de aprender a lingua estranxeira, con apoio doutros participantes e de soportes analóxicos e dixitais.	Aplicar coñecementos de mellora da súa capacidade de comunicar e de aprender.	PE	50
CA1.2 - Expresar oralmente frases curtas e sinxelas con información básica sobre asuntos cotiáns e de relevancia para o alumnado, utilizando de forma guiada recursos verbais e non verbais, recorrendo a modelos e estruturas previamente presentados e prestando atención ao ritmo, a acentuación e a entoación.	Expresar frases sinxelas sobre asuntos cotiáns, recorrendo a modelos previamente presentados.	TI	50

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Léxico básico elemental relativo a relacións persoais básicas, vivenda, lugares e contornos próximos de interese para o alumnado. - Convencións e estratexias de conversación elementais, para iniciar, manter e rematar a comunicación, tomar e ceder a palabra e preguntar e responder. - Unidades lingüísticas elementais e significados asociados a elas tales como expresión da entidade e as súas propiedades, cantidade e número, afirmación, exclamación, negación, interrogación. - Estratexias elementais para identificar e utilizar unidades lingüísticas (léxico, fonemas similares, patróns sonoros) a partir da comparación das linguas que conforman o repertorio lingüístico persoal.

UD	Título da UD	Duración
6	At home	7

Craterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA2.3 - Identificar e explicar de maneira guiada progresos e dificultades elementais no proceso de aprendizaxe da lingua estranxeira.	Identificar de maneira guiada os progresos e dificultades.	PE	50
CA1.4 - Imitar e participar de forma guiada en situacións interactivas elementais sobre temas cotiáns, preparadas previamente, a través de diversos soportes, apoiándose en recursos tales como a repetición, o ritmo pausado ou a linguaxe non verbal, e mostrando empatía cara ás producións das e dos demais.	Participar de forma guiada en situacións lingüísticas elementais sobre temas cotiáns, mostrando empatía cara ás producións das e dos demais.	TI	50

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Léxico básico elemental relativo a relacións persoais básicas, vivenda, lugares e contornos próximos de interese para o alumnado. - Convencións e estratexias de conversación elementais, para iniciar, manter e rematar a comunicación, tomar e ceder a palabra e preguntar e responder. - Ferramentas analóxicas e dixitais elementais para a comprensión e produción oral e multimodal. - Unidades lingüísticas elementais e significados asociados a elas tales como expresión da entidade e as súas propiedades, cantidade e número, afirmación, exclamación, negación, interrogación. - Estratexias elementais para identificar e utilizar unidades lingüísticas (léxico, fonemas similares, patróns sonoros) a partir da comparación das linguas que conforman o repertorio lingüístico persoal.

UD	Título da UD	Duración
7	My body	7

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA2.2 - Identificar e aplicar de forma moi guiada os coñecementos e estratexias básicas de mellora da súa capacidade de comunicar e de aprender a lingua estranxeira, con apoio doutros participantes e de soportes analóxicos e dixitais.	Identificar e aplicar de forma moi guiada os coñecementos con apoio doutros participantes e de soportes analóxicos e dixitais.	PE	50
CA1.2 - Expresar oralmente frases curtas e sinxelas con información básica sobre asuntos cotiáns e de relevancia para o alumnado, utilizando de forma guiada recursos verbais e non verbais, recorrendo a modelos e estruturas previamente presentados e prestando atención ao ritmo, a acentuación e a entoación.	Expresar frases sinxelas sobre asuntos cotiáns e de relevancia para o alumnado.	TI	50

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Iniciación a patróns elementais sonoros, acentuais, rítmicos e de entoación. - Convencións e estratexias de conversación elementais, para iniciar, manter e rematar a comunicación, tomar e ceder a palabra e preguntar e responder. - Ferramentas analóxicas e dixitais elementais para a comprensión e produción oral e multimodal. - Estratexias elementais para identificar e utilizar unidades lingüísticas (léxico, fonemas similares, patróns sonoros) a partir da comparación das linguas que conforman o repertorio lingüístico persoal.

UD	Título da UD	Duración
8	Food	7

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA2.3 - Identificar e explicar de maneira guiada progresos e dificultades elementais no proceso de aprendizaxe da lingua estranxeira.	Identificar progresos e dificultades.	PE	50
CA1.3 - Aplicar estratexias básicas para producir mensaxes moi breves e sinxelos adecuados ás intencións comunicativas de forma guiada, usando, con axuda, recursos e apoios físicos ou dixitais en función das necesidades de cada momento.	Aplicar estratexias para producir mensaxes sinxelos de forma guiada.	TI	50
CA1.4 - Imitar e participar de forma guiada en situacións interactivas elementais sobre temas cotiáns, preparadas previamente, a través de diversos soportes, apoiándose en recursos tales como a repetición, o ritmo pausado ou a linguaxe non verbal, e mostrando empatía cara ás producións das e dos demais.	Imitar e participar de forma guiada en situacións interactivas elementais sobre temas cotiáns, preparadas previamente e mostrando empatía cara ás producións das e dos demais.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Iniciación a patróns elementais sonoros, acentuais, rítmicos e de entoación. - Convencións e estratexias de conversación elementais, para iniciar, manter e rematar a comunicación, tomar e ceder a palabra e preguntar e responder. - Ferramentas analóxicas e dixitais elementais para a comprensión e produción oral e multimodal. - Estratexias elementais para a comprensión e a produción de textos orais; textos escritos e multimodais, breves, sinxelos e contextualizados. - Unidades lingüísticas elementais e significados asociados a elas tales como expresión da entidade e as súas propiedades, cantidade e número, afirmación, exclamación, negación, interrogación. - Estratexias elementais para identificar e utilizar unidades lingüísticas (léxico, fonemas similares, patróns sonoros) a partir da comparación das linguas que conforman o repertorio lingüístico persoal.

UD	Título da UD	Duración
9	Actions	7

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA2.2 - Identificar e aplicar de forma moi guiada os coñecementos e estratexias básicas de mellora da súa capacidade de comunicar e de aprender a lingua estranxeira, con apoio doutros participantes e de soportes analóxicos e dixitais.	Identificar e aplicar de forma moi guiada os coñecementos, con apoio doutros participantes e de soportes analóxicos e dixitais.	PE	50

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.3 - Aplicar estratexias básicas para producir mensaxes moi breves e sinxelos adecuados ás intencións comunicativas de forma guiada, usando, con axuda, recursos e apoios físicos ou dixitais en función das necesidades de cada momento.	Aplicar estratexias básicas para producir mensaxes sinxelos de forma guiada.	TI	50
CA1.4 - Imitar e participar de forma guiada en situacións interactivas elementais sobre temas cotiáns, preparadas previamente, a través de diversos soportes, apoiándose en recursos tales como a repetición, o ritmo pausado ou a linguaxe non verbal, e mostrando empatía cara ás producións das e dos demais.	Imitar e participar de forma guiada en situacións interactivas elementais sobre temas cotiáns, preparadas previamente e mostrando empatía cara ás producións das e dos demais.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Convencións e estratexias de conversación elementais, para iniciar, manter e rematar a comunicación, tomar e ceder a palabra e preguntar e responder. - Modelos contextuais elementais na comprensión e produción de textos orais e multimodais, breves e sinxelos. - Unidades lingüísticas elementais e significados asociados a elas tales como expresión da entidade e as súas propiedades, cantidade e número, afirmación, exclamación, negación, interrogación. - Estratexias elementais para identificar e utilizar unidades lingüísticas (léxico, fonemas similares, patróns sonoros) a partir da comparación das linguas que conforman o repertorio lingüístico persoal.

UD	Título da UD	Duración
10	Animals	7

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA2.3 - Identificar e explicar de maneira guiada progresos e dificultades elementais no proceso de aprendizaxe da lingua estranxeira.	Identificar de maneira guiada progresos e dificultades.	PE	50
CA1.2 - Expresar oralmente frases curtas e sinxelas con información básica sobre asuntos cotiáns e de relevancia para o alumnado, utilizando de forma guiada recursos verbais e non verbais, recorrendo a modelos e estruturas previamente presentados e prestando atención ao ritmo, a acentuación e a entoación.	Expresar oralmente frases curtas e sinxelas sobre asuntos cotiáns e de relevancia para o alumnado.	TI	50

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Iniciación a patróns elementais sonoros, acentuais, rítmicos e de entoación. - Ferramentas analóxicas e dixitais elementais para a comprensión e produción oral e multimodal.

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Modelos contextuais elementais na comprensión e produción de textos orais e multimodais, breves e sinxelos. - Estratexias elementais para identificar e utilizar unidades lingüísticas (léxico, fonemas similares, patróns sonoros) a partir da comparación das linguas que conforman o repertorio lingüístico persoal.

UD	Título da UD	Duración
11	Unidade transversal	6

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.1 - Recoñecer e interpretar palabras e expresións habituais en textos orais e multimodais breves e sinxelos sobre temas actuais, cotiáns e frecuentes de relevancia persoal e próximos á súa experiencia, expresados de forma comprensible, clara, sinxela e directa, e en lingua estándar.	Recoñecer palabras e expresións habituais en textos breves e sinxelos.	TI	100
CA1.5 - Seleccionar e utilizar, sempre de forma guiada e en contornas próximas, estratexias elementais para saudar, despedirse e presentarse; expresar mensaxes simples e breves; e formular e contestar preguntas básicas para a comunicación.	Seleccionar estratexias para saudar, despedirse e expresar mensaxes simples e breves.		
CA1.6 - Interpretar e explicar de forma guiada información básica axudando en dificultades de comprensión, con empatía e interese polas e polos interlocutores, apoiándose en diversos recursos e soportes.	Interpretar información básica con empatía e interese.		
CA2.1 - Comparar e contrastar similitudes e diferenzas evidentes entre distintas linguas de forma guiada, reflexionando sobre aspectos elementais do seu funcionamento.	Comparar similitudes e diferenzas evidentes entre distintas linguas.		
CA3.2 - Recoñecer e apreciar a diversidade lingüística e cultural relacionada coa lingua estranxeira, mostrando interese por coñecer os seus elementos culturais e lingüísticos elementais.	Recoñecer e apreciar a diversidade lingüística e cultural.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Estratexias para a adquisición da autoconfianza no uso da lingua estranxeira. - Funcións comunicativas elementais adecuadas ao ámbito e ao contexto: saudar, despedirse, presentar e presentarse; identificar algunhas características básicas de persoas, obxectos e lugares; responder con respostas sinxelas e concretas sobre cuestións cotiás; expresar o tempo (partes do día, días da semana, os meses e estacións do ano), a cantidade e o espazo en conceptos que manexan na lingua materna. - Recursos, destrezas, actitudes e situacións elementais que permiten iniciarse en actividades de mediación lingüística en situacións cotiás básicas. - Estratexias e técnicas elementais de compensación das carencias comunicativas e das limitacións derivadas do nivel de competencia na lingua estranxeira e nas demais linguas do repertorio lingüístico propio (xestos, mímica...).

Contidos

- Estratexias moi básicas de uso común para entender e apreciar a diversidade lingüística, cultural e artística, atendendo a valores ecosociais e democráticos.
- Iniciación nas estratexias básicas de detección de usos discriminatorios da linguaxe verbal e non verbal.

4.1. Concrecións metodolóxicas

Seguindo os principios pedagóxicos expostos no Decreto 155/2022, do 15 de setembro polo que se establecen a ordeación e o currículo da educación Primaria na Comunidade Autónoma de Galicia, a metodoloxía didáctica será comunicativa, inclusiva, activa e participativa. As accións metodolóxicas irán encamiñadas ao logro dos obxectivos e competencias clave. Porén, desenvolveranse actividades e tarefas relacionadas coa resolución de problemas en contextos reais. Así mesmo, integraranse as diferentes experiencias do alumnado, tendo en conta os diferentes ritmos de aprendizaxe e as súas preferencias. Potenciarase a autonomía, a capacidade de aprender por sí mesmos, así como o traballo colaborativo e en grupo.

No caso da lingua estranxeira, tal e como propón o Marco común europeo de referencia, as estratexias de ensino-aprendizaxe fundamentaranse nas necesidades comunicativas do mundo real, partindo de situacións próximas ao alumnado. Para o curso de primeiro de primaria, as orientacións metodolóxicas que seguirá esta programación son as seguintes:

- Buscar un enfoque orientado á acción, creando situacións continuas de comunicación con e entre o grupo: TPR, seguir instrucións, preguntar e responder para dar/obter información en interaccións cotiás habituais, desenvolver xogos....
- Partir sempre das súas aprendizaxes previas.
- Realizar proxectos significativos adaptados ao seu nivel educativo.
- Diseñar actividades de aprendizaxe de acceso universal (DUA) para atender mellor á diversidade do alumnado o que axudará a darlle unha atención individualizada.
- Poñer énfase na prevención das dificultades de aprendizaxe e na posta en práctica de mecanismos de reforzo tan pronto se detecten.
- Buscar a identificación persoa-lingua, o que implica axudar ao alumnado a asociar de xeito automático a mestra/e coa lingua que ensina .
- Impulsar situacións de interacción, de comunicación oral entre o alumnado de todos os niveis: en parellas, pequenos grupos ou grupo /aula, en situacións reais ou supostas (encher cadros de datos sobre o outro/a; competición entre grupos de pregunta - resposta; descubrir datos reais ou supostos sobre os demais a través de xogos coma Adiviña quen é?; dramatizacións de diálogos en situacións reais ou imaxinarias; etc.). Neste ámbito da comunicación oral, a introdución do xogo en diferentes formatos, soportes e modalidades preséntase coma un elemento necesario e fundamental para a adquisición da lingua en calquera nivel da etapa de Primaria: xogos de tarxetas tales coma xogos de memoria, adiviñar a tarxeta tapada, describir a tarxeta escollida; xogos de taboleiro temáticos, nos que os xogadores e xogadoras teñen que verbalizar todo o que se nos ocorra relacionado co desenvolvemento do mesmo: número do dado, do cadro, a imaxe ou palabra dese cadro, ler unha pregunta escrita no cadro no que se está, contestar a unha pregunta, e todas aquelas propostas que podan encaixar no marco do xogo de taboleiro e cumpra cos obxectivos de utilizar vocabulario e expresións na lingua estranxeira, proporcionar diversión e concentración aos participantes no mesmo e incorporar a todo o alumnado sen importar as súas habilidades e/ou capacidades. Incluímos aquí tamén os xogos lingüísticos, coma o mimo, e calquera outro que sirva para acadar obxectivos e competencias ao longo de toda a etapa de Primaria.
- Empregar tecnoloxías dixitais: proxección de vídeos, xogos interactivos online, videoclips de cancións e tamén o uso da radio escolar para emitir e gravar cuñas publicitarias e mensaxes, realizar podcasts de duración curta, anuncios en vídeo sobre eventos a realizar no propio centro ou a contorna, e actividades similares. Todas elas son adaptables a diferentes niveis de aprendizaxe da lingua e van permitir a interacción entre alumnado diverso.
- Alternar, para introducir a lectura en lingua estranxeira e a escoita, o uso de ferramentas dixitais (historias publicadas en plataformas de difusión dixital, ilustradas e narradas por persoas de fala inglesa e acentos diferentes) coa lectura por parte do profesorado de libros adaptados a esta idade.
- Utilizar fragmentos audiovisuais moi curtos de documentais, anuncios publicitarios, curtas en vídeo, ... adecuados a este nivel, para a práctica da comprensión oral. Este tipo de actividade permitiralles a nenos e nenas acceder a información e imaxes relacionadas con outras materias do currículo, e a temas transversais tales coma a educación para a saúde, incluída a afectivo-sexual, a igualdade de xénero, a educación para a paz, a educación para o consumo responsable e o desenvolvemento sustentable.

- Dotar aos nenos e nenas dunha ferramenta máis para a comunicación: a lingua estranxeira. Esta ferramenta, igual que as outras linguas das que dispoña, permitiralles expresar o que queren en cada momento, dende as súas necesidades básicas ("non me atopo ben", "quero ir ao baño"), ata relacionarse nos xogos ("tócame a min", "gañei!") e entender as necesidades dos/as demais.

-Aproveitar todas as situacións que o ámbito escolar ofrece para introducir a lingua estranxeira en substitución das maternas do alumnado, propoñendo e creando situacións relacionadas coa realidade na que este vive, para que teña sentido e significado pleno a lingua que use e, ao mesmo tempo, ofrecerlle a posibilidade de achegarse a outras realidades grazas a ela, a través do mundo dixital.

-Utilizar materiais visuais e variados, coma libros ilustrados, revistas, periódicos, tarxetas con imaxes do vocabulario das unidades didácticas, páxinas web, presentacións dixitais e vídeos curtos para a adquisición de estratexias de autoaprendizaxe entre as que están a utilización de técnicas coma impulsar repasos frecuentes entre os nenos e nenas, os xogos lingüísticos, a escoita de cancións e o visionado de películas e vídeos nesa lingua.

-Priorizar a linguaxe corporal, os xestos, a mímica e soportes visuais fronte a tradución ,para facerse entender o mestre/a cos nenos e nenas, co que eles e elas estarán practicando e adquirindo estas mesmas estratexias.

-Poñer en práctica a coordinación entre o profesorado de linguas estranxeiras e o das linguas cooficiais, necesaria para evitar a repetición de contidos . O achegamento do alumnado á lingua estranxeira prodúcese xeralmente partindo da lingua materna e das ambientais, polo que é esencial o tratamento integrado de todas as linguas e a colaboración entre todo o profesorado que as imparte.

-Asentar e afianzar así mesmo, a coordinación entre o profesorado de linguas estranxeiras e o que imparte outras áreas nesa lingua, necesaria no actual contexto de centros docentes plurilingües e seccións bilingües.

As sesións seguirán unha na estrutura na que se comezará con actividades de rutinas (data, estacións, tempo atmosférico...) co fin de afianzar vocabulario básico e iniciarse en interaccións breves e sinxelas en lingua inglesa con un modelo de guía. Seguidamente, desenvolveranse actividades de "warm up" ou quecemento, que consisten en actividades curtas e lúdicas (xogos, cancións, etc...) para repasar contidos previos e así poder vincularlos cos novos contidos que se desenvolverán durante a sesión. Unha vez finalizadas, realizaranse as actividades estipuladas para cada sesión, mediante as cales se irán traballando de maneira gradual os contidos referentes ás diferentes unidades didácticas (identificar conceptos no libro de texto, iniciarse en actividades de diálogo previamente preparados, fichas escritas, actividades dixitais na pantalla, actividades manipulativas con tarxetas, obxectos, etc..., xogos de mímica, repetición, asociación, etc...).

A distribución da aula en grupos potencia a aprendizaxe cooperativa, fomentando a comunicación entre iguais, a escoita de ideas, a interiorización das normas de convivencia e o desenvolvemento progresivo da linguaxe. Complementando o traballo colaborativo e en parellas, tamén se terá en conta a ensinanza individualizada, proporcionando tarefas e ensinanzas a cada un dos alumnos en función das súas capacidades e necesidades.

Ademais disto, a aula conta con dous rincóns:

- Un rincón de xogo no que se atopan diferentes xogos manipulativos en lingua inglesa: puzzles, xogos de estratexia, tarxetas de "memory", tarxetas de asociación palabra-imaxe, etc.

- Un rincón das letras no que se atopan tanto libros de lectura en lingua inglesa adaptados a diferentes momentos madurativos, como actividades de formación de palabras: "scrabble", pizarras e letras magnéticas, dados con letras, etc.

Estes rincóns poderán ser utilizados durante as propias sesións como actividades de reforzo, "warm up" e grupos interactivos e tamén para os "fast finishers", que serán guiados por parte da mestra tanto na realización das actividades como na esollha dos recursos, adaptándoos o máximo posible á realidade de cada quen.

A función do mestre será principalmente de guía do proceso de aprendizaxe, proporcionando as ferramentas necesarias para acadar os obxectivos propostos para cada unha das unidades didácticas que conforman esta programación. Diseñará tarefas e recursos adaptados ao alumnado e apoiará a realización de actividades autónomas e en parellas. Finalmente, avaliará o proceso de ensino-aprendizaxe mediante a observación directa a sistemática e o resultado final a través da análise das producións tanto orais como escritas.

4.2. Materiais e recursos didácticos

Denominación
LIBRO DE TEXTO

LIBROS DE LECTURA
MATERIAIS MANIPULATIVOS
ENCERADO DIXITAL E PROXECTOR
MATERIAIS AUDIOVISUAIS
FICHAS FOTOCOPIABLES
MATERIAIS ELABORADOS POLO PROPIO ALUMNADO
POSTERS E MURAIIS
XOGOS FÍSICOS, ONLINE E DE MESA
REALIA E RECURSOS DA CONTORNA
VÍDEOS
RIMAS E CANCIÓNS
ACTIVIDADES DÚA

Empregarase o libro de texto "Guess What!" da editorial Cambridge como soporte de apoio. Tamén se utilizarán libros de lectura (contos, historias breves, etc.) en lingua inglesa, así como diferentes materiais manipulativos (flashcards, carteis, xogos de mesa, actividades e xogos didácticos, etc.). Integranse as TIC mediante a utilización do encerado dixital para proxectar cancións, vídeos, presentacións, elaborar e resolver actividades, etc., así como a creación de materiais audiovisuais. Por último, dentro do material funxible a empregar usaranse fichas fotocopiáveis e un amplo banco de recursos elaborados durante o transcurso das sesións polo propio alumnado e que servirá como material de apoio á súa propia aprendizaxe.

5.1. Procedemento para a avaliación inicial

Durante as primeiras semanas do curso farase unha avaliación de diagnose encamiñada a coñecer o nivel competencial do alumnado en termos de pronuncia, escoita e comprensión oral, co fin de establecer o punto de partida de cada neno e nena no curso escolar e, deste modo, encamiñar o proceso educativo e metodolóxico.

Esta diagnose levarase a cabo a través de actividades e xogos de intercambio directo de información, introducindo tanto a comprensión de expresións e preguntas sinxelas como a produción de textos orais moi sinxelos, previamente preparados e dirixidos. Os resultados serán rexistrados nunha táboa de valoración específica a través da observación sistemática.

Nas posteriores sesións de avaliación inicial o equipo docente compartirá datos e información para adoptar, de forma coordinada, as medidas máis oportunas para cada alumna ou cada alumno, así como as relativas ao axuste do desenvolvemento do currículo.

5.2. Criterios de cualificación e recuperación

Pesos dos instrumentos de avaliación por UD:

Unidade didáctica	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	UD 5	UD 6	UD 7	UD 8	UD 9	UD 10
Peso UD/ Tipo Ins.	10	10	4	10	10	10	10	10	10	10
Proba escrita	0	50	0	50	50	50	50	50	50	50
Táboa de indicadores	100	50	100	50	50	50	50	50	50	50

Unidade didáctica	UD 11	Total
Peso UD/ Tipo Ins.	6	100
Proba escrita	0	40
Táboa de indicadores	100	60

Crterios de cualificación:

Os criterios de cualificación obteranse mediante táboas de indicadores nas que se analizan os diferentes aspectos do proceso de ensino-aprendizaxe.

Dado o carácter cíclico no traballo coa lingua estranxeira, a adquisición da mesma é progresivo, polo que ao inicio do curso o alumnado terá menor fluidez, menos bagaxe de léxico e menor seguridade e confianza no uso da lingua e das ferramentas, técnicas e estratexias de autoaprendizaxe. En consecuencia, isto terase en conta á hora de valorar as evidencias que recollamos e decidir a cualificación para cada alumno/a.

Instrumentos:

- Observación sistemática do traballo e actitude.
- Representacións orais (role-plays, pequenas representacións teatrais, etc.).
- Análise dos portfolios do alumnado.
- Rexistro do traballo individual e colectivo.
- Probas orais sinxelas.
- Outros.

Para obter a cualificación na avaliación continua ao longo do curso teremos en conta o rexistrado nas táboas de indicadores que imos utilizando en cada UD, prestando especial atención aos avances que teña experimentado cada neno e nena dende o momento da avaliación inicial e/ou anterior. Así mesmo, nalgunhas unidades avaliaranse como probas escritas as fichas fotocopiáveis que realizará o alumnado en consonancia cos contidos que se están a tratar.

A cualificación final elaborárase mediante táboas de indicadores específicos que analizarán todos os CA do nivel; prestando especial atención e valorando, principalmente, a evolución experimentada por cada neno e nena dende o comezo do curso escolar, o nivel de consecución de cada obxectivo e a adquisición das competencias nese remate do curso. Porén, cada unidade terá un peso equivalente en cada un dos trimestres. Así mesmo, a unidade didáctica número 11 "Unidade transversal", será avaliada dende o comezo da actividade lectiva ata o término da mesma cun peso igualitario en cada trimestre, dado que trata contidos actitudinais e contidos comúns a tódalas unidades didácticas restantes.

Polo tanto, ao final de cada trimestre, unha vez avaliadas as unidades didácticas correspondentes a cada un deles, realizarase unha media ponderada entre estas (que teñen un peso equivalente), sumando a parte correspondente da unidade transversal (2%) para así conseguir o 100% da nota trimestal.

Finalmente, a nota da avaliación ordinaria obterase seguindo unha avaliación continua, tendo especialmente en conta o progreso do alumno/a na terceira avaliación, polo que será coincidente coa mesma. A promoción será decidida polo equipo docente en sesión de avaliación. A decisión será tomada de forma colexiada tendo en conta os criterios de promoción e tomando especialmente en consideración a información e o criterio do titor/a.

Crterios de recuperación:

Dada a característica progresiva da materia, o alumnado irá recuperando aqueles aspectos non superados no seu momento coas novas tarefas do curso. No caso de non poder recuperar contidos ou avanzar nos mesmos, levaranse a cabo medidas de reforzo educativo e apoio personalizado por parte do mestre/a.

6. Medidas de atención á diversidade

Tal como se establece na normativa vixente (Orde do 8 de setembro de 2021, pola que se desenvolve o Decreto 229/2011, do 7 de decembro, polo que se regula a atención á diversidade do alumnado dos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia nos que se imparten as ensinanzas establecidas na Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación); prestarase especial atención durante a etapa á atención personalizada dos alumnos e alumnas, á realización de diagnósticos precoces e ao establecemento de mecanismos de reforzo que deberán poñerse en práctica tan pronto como se detecten dificultades de aprendizaxe, poderán ser tanto organizativos como curriculares. Entre estas medidas poderán considerarse o apoio no grupo ordinario, os agrupamentos flexibles ou as adaptacións do currículo.

Esta programación ten en conta diferentes niveis de aprendizaxe, Non todo o alumnado aprende do mesmo xeito e ao mesmo ritmo. Por iso, cada actividade pode ser tratada con distinto nivel de profundidade e apoiada en materiais diversos (diferentes soportes, emprego de pictogramas...) que permitan adaptarse ás características de todo o alumnado, así como ós diferentes ritmos de aprendizaxe. Neste sentido, cobran especial importancia as estratexias de deseño universal de aprendizaxe, que serán, entre outras, propoñer actividades de autorregulación da aprendizaxe; permitir eleccións dentro das tarefas; adaptar a dificultade ou formato das mesmas; empregar varias formas de representación e de comunicación, etc.

Outros exemplos de propostas de atención aos diferentes ritmos de aprendizaxe do alumnado son as seguintes:

"Fast Finishers":

- Fichas e actividades para o alumnado que remata as tarefas máis rápido (crosswords, wordsearch, scrabble, dominoes, odd-one-out, etc.), relativos ao tema que estamos a tratar no momento.
- Variacións das actividades realizadas.
- Libros de lectura sinxelos con imaxes relativas ó tema, así como xogos de mesa, xogos con tarxetas (imaxe-palabra, imaxe-imaxe).
- Pediráselles que ao rematar a tarefa, axuden a outros alumnos/as (función de mediación lingüística).

Dificultades de aprendizaxe:

- Buscar a coordinación co equipo de profesorado e departamento de orientación do centro.
 - Incluílos en actividades colectivas, de grupo, no que teñan o seu propio rol, adaptado as súas capacidades e circunstancias.
 - O modelo de traballo por equipos de maneira colaborativa, que permite asignar funcións acordes coas capacidades de cada quen, fomentando a formación entre iguais, pola que os máis capaces axudan aos que teñan dificultades (Compañeiro titor/a).
 - Apoio por parte da mestra ao alumnado que presenta maiores dificultades na realización das tarefas asignadas.
- Ademáis disto, a aula de primeiro de educación primaria conta cunha persoa PAS asignada.
- Por outra banda, aínda que na avaliación inicial non se detectou ningún caso que estea relacionado dos protocolos publicados pola Consellería de Educación, teranse en conta por se ao longo do curso fose necesario a aplicación dalgún deles, entre outros:
- Protocolo para a prevención e o control do absentismo escolar.
 - Protocolo de urxencias sanitarias e enfermidade crónica.
 - Protocolo de atención educativa para alumnado con trastorno do espectro autista (TEA).
 - Protocolo de consenso sobre o TDAH na infancia e na adolescencia.

Finalmente, o alumnado que presente dificultades para asistir ao centro docente de forma prolongada por causas xustificadas, poderá recibir medidas de atención educativa virtual mediante comunicacións por mensaxería Abalar e a través da aula virtual do centro.

7.1. Concreción dos elementos transversais

	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	UD 5	UD 6	UD 7	UD 8
ET.1 - Igualdade entre homes e mulleres	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.2 - Educación emocional e en valores	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.3 - Educación para a paz	X	X	X	X	X	X	X	X

	UD 9	UD 10	UD 11
ET.1 - Igualdade entre homes e mulleres	X	X	X
ET.2 - Educación emocional e en valores	X	X	X
ET.3 - Educación para a paz	X	X	X

Observacións:

Na área de LE cómpre aproveitar o momento no que un tema transversal sexa abordado na aula pola mestra/e titora sendo, pois, necesaria a coordinación tanto para escoller o contido coma decidir a maneira de tratalo co grupo. Así mesmo, prestarase especial importancia á igualdade de xénero, a educación emocional ou a educación para a paz. Toda a acción educativa nesta área seguirá estes principios de igualdade, resolución dialogada de conflitos, xestión positiva das emocións, etc.

7.2. Actividades complementarias

Actividade	Descrición	1º trim.	2º trim.	3º trim.
Saídas didácticas.	Aproveitaranse na clase de LE as saídas educativas pola contorna.	X	X	X
Visitas ao centro.	Contacontos, profesionais de distintos sectores...	X	X	X
Contacontos e talleres.	Narración de contos en lingua inglesa e talleres con actividades relacionados coa lectura.	X	X	X
Conmemoracións específicas relacionadas coa LE	Halloween.	X		
Conmemoracións específicas relacionadas coa LE	Christmas.	X		
Conmemoracións específicas relacionadas coa LE	Easter .		X	

Observacións:

Todas as actividades complementarias levadas a cabo no centro serán aproveitadas na clase de LE para aumentar o repertorio lingüístico, sen necesidade de crear unidades específicas. Isto farase posible a través da coordinación cos titores e o traballo previo na aulas.

- Saídas didácticas pola contorna. A área de lingua inglesa participará nas saídas propostas polas titoras do ciclo. Será previsiblemente unha saída en cada trimestre e estarán relacionadas co PDI que se traballará no centro durante este curso escolar: "Un territorio con moita historia".
- Visitas ao centro. Ao igual que no caso das saídas, a área de LE participará nas charlas e contacontos externas e visitas ao centro que poidan xurdir durante o curso escolar.
- Ao longo dos tres trimestres poderanse realizar tanto na aula como na biblioteca sesións de contacontos por parte da mestra, así como talleres de actividades relacionados coa lectura, para traballar deste modo a escoita activa e a comprensión lectora. Estas actividades relaciónanse cos criterios de avaliación CA1.1, CA2.1 e CA3.1.
- Conmemoracións específicas relacionadas coa LE: Talleres na aula con actividades diversas (crafts, readings, representacións, busca de información, visualización de vídeos...) relacionadas coa conmemoración de festividades propias de países de fala inglesa.
 - Halloween: conectado coa unidade 3 "Project: Happy Halloween!", realizaranse a finais de outubro.
 - Christmas: conectado coa unidade 4: "Toys", realizarase nos últimos días de decembro.
 - Easter: conectado coa unidade 8: "Food", realizarase na semana previa ou posterior a semana santa.

8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro

Indicadores de logro
Adecuación da programación didáctica e da súa propia planificación ao longo do curso académico
Foi axeitada a temporalización programada nas distintas unidades didácticas.
Metodoloxía empregada
Incorporouse o uso das TIC ao proceso de ensino.
Organización xeral da aula e o aproveitamento dos recursos
Os recursos foron axeitados e/ou suficientes.
Medidas de atención á diversidade
Deseñáronse actividades DUA, variadas e adaptadas ás distintas características do alumnado.
Clima de traballo na aula
Conseguíuse a participación activa de todo o alumnado nas diversas actividades propostas a través de situacións de interacción e agrupamentos variados.
Coordinación co resto do equipo docente e coas familias ou as persoas titoras legais
Implementouse a coordinación entre o profesorado do grupo de alumnado.

Descrición:

No remate de cada unidade, valorarase o proceso de aprendizaxe da mesma: dificultade e duración das actividades, motivación do alumnado, temporalización das unidades, coordinación entre o profesorado... a través da observación sistemática e o propio proceso de realización das actividades propostas. Mediante a táboa de indicadores de logro arriba exposta, valorarase a acción docente seguindo tres indicadores: óptimo, para revisar e para reelaborar. Deste

xeito, determinaranse as accións a seguir nas unidades vindeiras, dependendo do resultado obtido.

8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora

A avaliación é unha parte fundamental do proceso de ensino-aprendizaxe que permitirá valorar o grao de adquisición dos obxectivos de nivel e de etapa, e o grao de desenvolvemento das competencias clave. Os resultados de avaliar cada unidade didáctica proporcionarán información esencial para a toma de decisións co fin de modificar, de ser o caso, aqueles aspectos do proceso de ensino e aprendizaxe que son susceptibles de mellora, así como detectar as dificultades de aprendizaxe, coa consecuente posta en marcha de mecanismos para palialas, sempre coa finalidade de que o alumnado acade os obxectivos e desenvolva as competencias.

O seguimento da programación realizarase ao rematar cada unidade didáctica a través da aplicación informática PROENS. A información do seguimento da programación didáctica trasladarase, para a súa valoración e análise, ao equipo de ciclo cunha frecuencia mínima mensual, deixando constancia nas correspondentes actas. Polo tanto, mediante unha táboa de indicadores de logro tanto referidos á práctica docente como ao deseño curricular, obteranse as conclusións precisas para valorar posibles cambios. Así pois, os apartados susceptibles de modificación serán os seguintes:

- As actividades e tarefas propostas.
- Os recursos utilizados.
- A metodoloxía: agrupamentos, organización das sesións, materiais utilizados, espazos.
- Procedementos de avaliación e por suposto o proceder do propio mestre.

9. Outros apartados